

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061, A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA, A SOCIEDADE ESPAÑOLA DE CARDIOLOXÍA E A FUNDACION ESPAÑOLA DO CORAZON, PARA O FOMENTO DA FORMACIÓN EN RESUCITACIÓN CARDIOPULMONAR E O INCREMENTO DA CAPACITACIÓN NO USO DA DESFIBRILACIÓN SEMIAUTOMÁTICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde **DECLARA:**

Que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, Cruz Roja Española, a Sociedad Española de Cardiología e a Fundacion Española del Corazon formalizaron o 12.12.2024 o convenio arriba referido. Este convenio terá vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a promoción da formación e difusión do coñecemento das técnicas de reanimación cardiopulmonar (RCP), con atención especial ao incremento no número de desfibriladores externos semiautomáticos dispoñibles, así como do persoal capacitado para o seu uso.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

Os Estatutos da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUSG-061), aprobados por Decreto 276/2001, de 27 de setembro, de adaptación das fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, de 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo) sinalan no seu artigo 6.1 que entre os fins da fundación están: *"a colaboración coas administracións, corporacións, entidades ou particulares do que sexa a súa competencia ou actividade e teña incidencia ou sexan de interese para a consecución dos obxectivos da fundación."*

A morte súbita por parada cardíaca (PC) representa un problema prioritario para a saúde pública. Calcúlase que en España prodúcese anualmente 67-170 casos por cada 100.00 habitantes, o que supón unha cada 20 minutos. Cada minuto que pasa calcúlase que a supervivencia das persoas que sufriron unha PC redúcese nun 10%. Nos casos en que a PC é causada por unha fibrilación ventricular (FV) ou unha taquicardia ventricular (TV) sen pulso, a desfibrilación eléctrica precoz é o único tratamento eficaz, sendo a súa precocidade o factor que máis contribúe na supervivencia dos pacientes. A maioría das PC prodúcese en presenza de testemuñas. A experiencia acumulada nos últimos anos demostra a efectividade da desfibrilación precoz na recuperación dun ritmo cardíaco eficaz. Por outra banda, a realización precoz de manobras de reanimación cardiopulmonar (RCP) por testemuñas, alonga o tempo no que a desfibrilación é efectiva, e demostrou dobrar a supervivencia nos pacientes que padecen unha PC extrahospitalaria.

A FPUSG-061 ten por obxecto, segundo recóllese nos seus estatutos, publicados no Diario Oficial de Galicia nº 208, do 26 de outubro de 2001, a realización de actividades de xestión, coordinación, consultoría, docencia e investigación, prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria en

caso de emerxencia e urxencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e na atención sociosanitaria.

No ano 2001 a FPUSG-061 puxo en marcha o Centro de Formación en Medicina de Urxencias, Emerxencias e Catástrofes de Galicia, desenvolvendo desde entón gran cantidade de actividades formativas nestas materias que alcanzan á maioría dos profesionais sanitarios desta comunidade e constituíndose nun referente de educación e capacitación sanitaria nas emerxencias.

Posteriormente e a través de programas como "*RCP na aula*", deseñouse unha estratexia en colaboración coa Consellería de Educación para o ensino de RCP a primeiros intervinientes con especial relevancia na poboación en idade escolar.

A Comunidade Autónoma de Galicia foi pioneira na lexislación e implantación de desfibriladores externos semiautomáticos (DESA) no estado Español, coa primeira regulación legal do uso de DESA por persoal non médico mediante o decreto 251/2000, do 5 de outubro, derogado posteriormente polo Decreto 99/2005, do 21 de abril, o cal á súa vez foi derogado polo vixente Decreto 38/2017, do 23 de marzo, polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fose do ámbito sanitario, e créase o seu rexistro.

A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a través da FPUSG-061, xestiona un programa de colaboración cidadá na atención da PCR en vía pública denominado "*Acode e Axuda*", que busca a axuda cidadá para mellorar a supervivencia das vítimas afectadas mediante a coordinación de persoas voluntarias desde a central de coordinación de Urxencias Sanitarias-061.

A Sociedade Española de Cardiología desenvolveu, co apoio do Cruz Vermella Española, unha aplicación denominada "*ARIADNA*", coa intención de localizar e validar o maior número posible de DESA en todo o territorio español, cuxa finalidade é difundir entre a poboación a importancia de contar cun número suficiente de DESAs que posibiliten acceder a eles se se produce unha parada cardiorespiratoria (PCR), así como propiciar a localización dos mesmos e a participación da cidadanía na difusión de todas as iniciativas que melloren a cardioprotección en espazos públicos.

A FPUSG-061, a Sociedade Española de Cardiología e a Fundación Española do Corazón, co apoio de Cruz Vermella dan un paso máis integrando a aplicación "*ARIADNA*" na central de coordinación da FPUSG-061 co obxectivo de aumentar as posibilidades de desfibrilación precoz e supervivencia ante un caso de PCR en vía pública.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,